

ORDENANZA FISCAL Nº 10, REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON POSTOS PARA AS FEIRAS NO CONCELLO DE ORDES.

Publicación provisional : 17-06-2005 BOP Nº 137 -- Publicación definitiva : 23-08-2005 BOP Nº 192
Redacción Aplicable desde 01-01-2013

Artigo 1. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 141 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladoras das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola ocupación da vía pública con postos para as feiras a celebrar no Concello de Ordes, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do citado Real decreto

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da presente taxa a ocupación da vía pública con postos con motivo da celebración das feiras no Concello de Ordes.

Artigo 3. Suxeito pasivo

Será suxeito pasivo da taxa, en concepto de contribuínte, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a favor de quen se outorguen as autorizacións para realizar a utilización privativa ou aproveitamento especial ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4. Responsables

- Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores das sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Beneficios fiscais

Non poderán concederse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en disposicións con rango de Lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 6. Base imponible

Tomarase como base para determinar a cota tributaria da presente taxa, a superficie de ocupación expresada en metros cadrados.

Artigo 7. Cota de gravame

A cota tributaria establécese en 0,27 € diarios por cada m² no caso de postos con fronte á rúa, e 0,22 € diarios por m² no caso de postos que non teñan fronte á rúa (interiores).

Artigo 8. Período impositivo e devengo

A taxa devengarase o primeiro día do período impositivo.

O período impositivo coincidirá, para os postos permanentes, co ano natural, salvo nos casos de alta ou cese da utilización nos que a cota prorratearase por trimestres naturais.

Para o caso dos postos con aproveitamento mensual, o período impositivo coincidirá co día da feira.

Artigo 9. Normas de xestión

– O outorgamento das licenzas ás que refírese esta ordenanza suxeitarase ás zonas fixadas e ás condicións sinaladas na ordenanza reguladora da venda ambulante deste Concello de Ordes.

– As condicións dos titulares regularanse segundo o disposto na ordenanza reguladora da venda ambulante.

– O pagamento da taxa farase, para os postos con aproveitamento permanente nos primeiros quince días do trimestre correspondente. Para as ocupacións puntuais, o pago farase o día da feira previamente á ocupación do dominio público local.

– O pagamento efectuarase mediante domiciliación bancaria das liquidacións emitidas polo Concello, salvo no caso das ocupacións puntuais, nas que o Concello nomeará a un ou varios cobradores habilitados, os cales efectuarán os cobros segundo os recibos confeccionados ao efecto, debendo os mesmos render contas ao Tesoureiro municipal no seguinte día hábil posterior á celebración da feira.

Artigo 10. Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación e sanción das infraccións que poidan cometerse estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal, aprobada definitivamente polo Pleno en sesión celebrada o 29 de outubro de 2007, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008, aplicándose en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.